

82

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
23 / AGOSTO / 1999

S U M A R I O

- 1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2.- DAR CONTA RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDIA.
- 3.- DAR CONTA DE DELEGACIÓNS DA ALCALDIA.
- 4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.

URBANISMO:

- 5.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO S/ CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.

ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

- 6.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMEROS 15 E 16/99.
- 7.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DE NOVACIÓN DE SETE PRÉSTAMOS CONCERTADOS POLO CONCELLO CO BANCO DE CRÉDITO LOCAL.
- 8.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL RELATIVA A SOLICITUDE SERVIICIO, S.L., DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS.
- 9.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, DE INICIACIÓN DE ACCIÓNS LEGAIS CONTRA A EMPRESA SERVISPORT SANTIAGO, S.L., E TÓDOLOS MEMBROS DO SEU CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.
- 10.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA ÁS RETRIBUCIÓNS DA ALCALDIA.

11.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA ÁS RETRIBUCIÓNS DE D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO COMO CONCELEIRO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

12.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA ÁS INDEMNIZACIÓNS ÓS CONCELEIROS, CONCELEIRAS E MEMBROS DOS PATRONATOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS.

13.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA A DESIGNACIÓN DE CONCELEIROS E PERITO PARA O REPLANTEO DO LIMITE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE VIGO E REDONDELA.

DEPORTES:

14.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES REFERENTE Ó REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CLIMATIZADA DE REDONDELA, PRESENTADO POR SERVICIO, S.L..

BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE:

15.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE, RELATIVO A RATIFICACIÓN CONVENIO ASINADO COA ENTIDADE LENDA.

INTERIOR:

16.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INTERIOR REFERENTE A SOLICITUDE VECIÑOS SOBRE NOMINACIÓN DE RÚA Ó PÁRROCO OCTAVIO ROTEA.

CULTURA:

17.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA RELATIVA A DENUNCIA DE CONVENIO SUSCRITO POR ESTE CONCELLO CO CENTRO RECREATIVO CULTURAL DE REDONDELA.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA:

- A).- APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS.
- B).- CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.

18.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte trinta horas do **día vintetrés de agosto de mil novecentos noventa e nove**, baixo a Presidencia do Iltmo. Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZALEZ IGLESIAS, D. LUIS A. ORGE MIGUEZ, DONA. MO DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. MO DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, DONA. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN, D. JOSE LUÍS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUÍS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL ALFAYA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ANXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario o da Corporación D. LUIS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Iltmo. Concello, en sesión ordinaria, correspondente ó día da data, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remesada a tódolos Sres./as Concelleiros/as, coa antelación legalmente requerida. Está tamén presente o Sr. Interventor do Concello, D. MODESTO SOLLA SANZ.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Pola Presidencia dase conta da Acta da sesión anterior, correspondente á celebrada polo Pleno do Concello con carácter extraordinario o día **27 de Xullo de 1999**.

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación á referida acta, sen formular reparo algún.-

2.- DAR CONTA RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDIA. -

Dada conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende o 5 de Xullo ó 20 de Agosto de 1999.

O Concello Pleno, quedou enterado, das Resolucións de referencia.-

3.- DAR CONTA DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDIA. -

Dada conta das Resolucións da Alcaldía de data 26 de Xullo e 12 de Agosto de 1999, que transcritas dín:

"Polo presente, en uso das atribucións que me confiren os Artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente veño en dispoñer:

Nomear Presidente do Consello Municipal da Muller á Concelleira D^a. M^a. ANXELES GONZÁLEZ GÓMEZ.

A citada Delegación producirá efecto dende a data de sinatura do presente Decreto, deberá poñerse en coñecemento do Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia segundo dispón o Artigo 44 do Regulamento antes citado.

Do presente Decreto deberá darse traslado á Sra. Concelleira nomeada e a tódolos departamentos deste Concello."

"Polo presente en uso das atribucións que me confiren os Artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente veño en dispoñer:

Nomear Delegada de Xuventude á Concelleira D^a. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA.

A citada Delegación producirá efecto dende a data de sinatura do presente Decreto, deberá poñerse en coñecemento do Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia segundo dispón o Artigo 44 do Regulamento antes citado.

Do presente Decreto deberá darse traslado á Sra. Concelleira nomeada e a tódolos departamentos deste Concello."

"Polo presente en uso das atribucións que me confiren os Artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente veño en dispoñer:

Nomear Delegado das Bibliotecas Municipais ó Concelleiro D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO.

A CITADA Delegación producirá efecto dende a data de sinatura do presente Decreto, deberá poñerse en coñecemento do Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, segundo dispón o Artigo 44 do Regulamento antes citado.

Do presente Decreto deberá darse traslado ó Sr. Concelleiro nomeado e a tódolos departamentos deste Concello."

O Concello Pleno, quedou enterado das tres Resolucións da Alcaldía antes transcritas.-

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.-

Polo Sr. Presidente deuse lectura a este Concello Pleno da actividade de control do Pleno contemplada na Lei 11/99 de 21 de Abril de Modificación da Lei 7/85 de 2 de Abril.

O Sr. Presidente considera que a citada modificación se debería de regular no Regulamento Orgánico deste Concello.

A Corporación quedou enterada da modificación para a súa inmediata execución.-

**5.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO S/
CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE
PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.-**

Pola Presidencia dase conta das Propostas da Comisión Informativa de Urbanismo de data 19 de Xullo e 3 de Agosto de 1999, que dín:

"ANTECEDENTES.- Con data 6 de Novembro de 1987 aprobáronse definitivamente, por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, as Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela, téndose publicadas no Boletín Oficial da Provincia n1 85, de 14 de Abril de 1988.

A documentación grafiada realizouse sobre cartografía a esc. 1:5000, e para os planos de detalle, a esc. 1:2.000, sobre plano parcelario do Instituto Xeográfico e Catastral.

No transcurso da vixencia do devandito instrumento de planeamento téñense observado reiterados erros nas parcelas grafiadas, contradicións entre os planos a escala 1:5000 e 1:2000, erros de calificación por mal grafiado das bases, ou ben contradicións entre a realidade e os documentos aprobados.

Na súa virtude, e á vista do expediente promovido polo particular que logo se cita e do informe favorable emitido polo Arquitecto Asesor Municipal e o servizo de disciplina urbanística, a Comisión Informativa de Urbanismo, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as asistentes, estimou oportuno propoñer ó Concello Pleno, a corrección do seguinte erro no Documento das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela.

I).- MODIFICACIÓN DO PLANO PARCELARIO

I.1).- PROPOSTA.- Proponse a corrección do erro detectado no grafiado do plano a escala 1:2.000, sinalado e xustificado polo propietario afectado.

I.2).- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O Artigo 105.2) da Lei 30/1992, de 26 de Novembro dí:
"As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos", e por outro banda na Normativa de Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal, apartados 2) e 3) do seu artigo 11 establécese que tódolos documentos se consideran igualmente vinculantes e que se se deran contradiccións entre o plano e a realidade prevalecerá esta última. Polo tanto procede a modificación do plano parcelario recollendo a realidade existente.

I.3).- PLANO QUE SE PROPÓN MODIFICAR

1.-OSCAR DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, parcela sita en Saramago-O Viso, Plano P 11 a escala 1:2000.

De acordo coa documentación que adxunta."

"ANTECEDENTES.- Con data 6 de Novembro de 1987, aprobáronse definitivamente, por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, as Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela, téndose publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 85, de 14 de Abril de 1988.

A documentación grafiada realizouse sobre cartografía a esc. 1:5000, e para os planos de detalle, a esc. 1:2.000, sobre plano parcelario do Instituto Xeográfico e Catastral.

No transcurso da vixencia do devandito instrumento de planeamento, téñense observado reiterados erros nas parcelas grafiadas, contradiccións entre os planos a escala 1:5000 e 1:2000, erros de calificación por mal grafiado das bases, ou ben contradiccións entre a realidade e os documentos aprobados.

Na súa virtude, e á vista do expediente promovido polo particular que logo se cita e do informe favorable emitido polo Arquitecto Asesor Municipal e o Servicio de Disciplina Urbanística, a Comisión Informativa de Urbanismo, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as

asistentes, estimou oportuno propoñer ó Concello Pleno a corrección do seguinte erro no documento das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela.

I).- MODIFICACIÓN DE PLANO PARCELARIO

I.1).- PROPOSTA.- Proponse a corrección do erro detectado no grafiado do plano a escala 1:2.000, sinalado e xustificado polo propietario afectado.

I.2).- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O Artigo 105.2) da Lei 30/1992, de 26 de Novembro dí: "AA Administracions Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos", e por outra banda na Normativa e Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal, apartados 2) e 3) do seu artigo 11 establécese que tódolos documentos se consideran igualmente vinculantes e que se se deran contradiccións entre o plano e a realidade prevalecerá esta última. Polo tanto procede a modificación do plano parcelario recollendo a realidade existente.

I.3).- PLANO QUE SE PROPÓN MODIFICAR

1.- EMILIO CORES ARENAZ, parcela sita en Río Frío-Chapela, Plano P3 a escala 1:2000.

De acordo coa documentación que adxunta."

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación a ámbalas dúas propostas transcritas.-

6.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMEROS 15 E 16/99.-

Dada conta dos seguintes expedientes de Modificación de Crédito:

-15/99, mediante xeración de crédito, por importe de 5.195.922.- Pesetas, aprobado por Resolución da Alcaldía do 30 de Xullo de 1999.

- 16/99, mediante xeración de crédito, por importe de 953.470.- Pesetas, aprobado por Resolución da Alcaldía do 12 de Agosto de 1999.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS se sinala que en virtude de Resolucións da Consellería de Familia, polo anterior equipo de goberno se fixeron contratacións de persoal ilegais, xa que as mesmas se realizaron sen terse aprobado previamente o correspondente expediente de modificación de crédito.

Continúa na súa intervención o citado Sr. Concelleiro indicando que no expediente de obras correspondente ó Mercado deste Concello, non figura un escrito do PSdeG-PSOE, no que se interesaba da Xunta de Galicia se manifestase se a totalidade das obras se efectuaban con cargo á subvención, e remata a súa intervención indicando que se a resposta fose afirmativa o seu Grupo estaría de acordo coas mesmas, pero non se a resposta fora negativa.

O Concello Pleno, quedou enterado dos devanditos Expedientes de Modificación de Crédito.-

7.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL DE NOVACIÓN DE SETE PRÉSTAMOS CONCERTADOS POLO CONCELLO CO BANCO DE CRÉDITO LOCAL.-

Pola Presidencia dase conta do dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 3 de Agosto de 1999, que transcrito dí:

"Examinada a proposta da Alcaldía que transcrita di:

"Vistos os tipos de xuros aplicados nos diversos contratos de préstamo asinados por este Concello co Banco de Crédito Local, BCL -agás os préstamo números 1508, do 23.02.52, e o préstamo número 390.487.961, do 04.04.95-, e dado que os tipos fixos actualmente aplicados (por estipulacións contractuais) son os seguintes:

Préstamo	Tipo de xuro %
390047121	6,75
390253604	6,75
390398420	6,75
390403090	6,75
390403091	6,75

Vistos os tipos máximos e mínimos, actualmente aplicados ós xuros dos contratos de préstamo seguintes:

Préstamo número	Tipo máximo %	Tipo mínimo %
3900398423	10,00	6,25
3900398428	10,00	6,25

Tendo en conta as reiteradas reducións nos tipos de xuros aplicables ós préstamos asinados por este Concello desde o ano 1995.

Ante as conversas mantidas co Banco de Crédito Local referidas á novación parcial de sete contratos de préstamo asinados con este Concello coa finalidade de reducir os tipos de xuros actualmente vixentes, esta Alcaldía proponlle ó Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

"Primeiro.-Aplicar, con efectos a partir do primeiro día do vencemento inmediato seguinte ó día de formalización do correspondente documento e sobre o importe dos capitais vivos pendentos de amortizar nesa data, o 5,75 por 100 de interés nominal anual a todos e cada un dos seguintes contratos de préstamo formalizados por este Concello co Banco de Crédito Local:

Préstamo número		Data de	Importe
Novo	Anterior	formalización	formalizado en pesetas
4419131	390047121	15.03.91	50.000.000
4636811	390253604	07.04.93	13.418.473
4807999	390398420	20.07.94	323.428.347
4815537	390403090	20.07.94	55.000.000
4815545	390403091	20.07.94	21.738.961

Segundo.-Modificar, con efectos a partir do primeiro día do vencemento inmediato seguinte ó día de formalización do correspondente documento, o punto número 4 da cláusula cuarta do contrato de préstamo número 4808014 -anterior número 390398428- formalizado por este Concello co Banco de Crédito Local o día 20.07.94 por importe de 60.729.692 pesetas, que quedará redactado como sigue:

"4.- Tipo de interés máximo y mínimo.

El tipo de interés aplicable a cada periodo de interés a liquidar y determinado según se especifica en los puntos anteriores de esta estipulación, en ningún caso podrá ser superior al 10 por 100 nominal anual ni inferior al 5,75 por 100 nominal anual".

Terceiro.-Modificar, con efectos a partir do día de formalización deste documento, o punto número 4 da estipulación quinta do contrato de préstamo número 4808006- anterior número 390398423- formalizado por este Concello co Banco de Crédito Local o día 20.07.94 por importe de 366.563.099 pesetas que quedará redactado como sigue:

"4.- Tipo de interés máximo y mínimo.

El tipo de interés aplicable a cada periodo de interés a liquidar y determinado según se especifica en los puntos anteriores de esta estipulación, en ningún caso podrá ser superior al 10 por 100 nominal anual ni inferior al 5,75 por 100 nominal anual".

Cuarto.-En consecuencia, enténdense novadas as cláusulas e estipulacións de tódolos contratos de préstamo

indicados, en canto resulten afectadas polas modificacións citadas; sen variación das restantes condicións concertadas.

Quinto.-Comunicar á Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro da Xunta de Galicia as novacións contractuais indicadas para todos aqueles contratos de préstamo afectados que precisaron de autorización pola citada Dirección Xeral".

A Comisión, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acordou dictaminala en sentido favorable."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. CONDE ROMERO propónse que se faga un saneamento completo da facenda municipal, así como unha auditoría para saber en definitiva o que se debe e o que se téñ, e remata a súa intervención reclamando a acta de arqueo correspondente á toma de posesión desta Corporación.

- Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS sinálase que no mes de Novembro pasado o PSdeG-PSOE fixo unha proposta de saneamento da facenda local que o PP, entón no goberno deste Concello, non tomou en consideración, aínda que plantexaron que unha empresa fixera unha auditoría no Concello. Considera o Sr. Concelleiro que fala que este Concello non ten por que tirar seis millóns de pesetas en facer unha auditoría, cando no mesmo hai funcionarios técnicos competentes e Concelleiros que poden facela.

Continúa na súa intervención o Concelleiro Sr. González Iglesias dicindo que as auditorías fainas o Tribunal de Contas, que a fixo neste Concello no ano 1993, e que o P.P. non ten idea do que é unha auditoría.

Así mesmo polo Sr. Concelleiro antes citado se lle indica ó Concelleiro Sr. Conde Romero que polo equipo de

gobierno deuse a orde de confeccionar a acta de arqueo solicitada polo mesmo, pero que ó día de hoxe, non se fixo a mesma, indicando por outro lado que esa dilixencia que hoxe mostra o P.P., debía de tela no seu día para ter preparada a acta de arqueo citada.

Por outro lado indica o Sr. Concelleiro aludido que a que fora asesora deste Concello Ana González, gardou a documentación correspondente a esta novación, non poidéndose levar a cabo a mesma, cos perxuízos correspondentes para este Concello, e remata a súa intervención o Sr. Concelleiro citado, indicando que do 15.09 ó 15.10, promete que haxa unha proposta de plan de saneamento da facenda municipal.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó SR. CONDE ROMERO, polo mesmo sinálase que unha auditoría externa deste Concello, podería clarifica-la economía do mesmo, e considera que hai un retraso na contabilidade municipal, aludindo por outro lado a que se tomen medidas drásticas de cambio de persoal, e fai referencia ó cambio da funcionaria Pérez Vaquero de Tesourería a Rendas, e que se pretende rebaixa-lo complemento específico do Sr. Tesoureiro, polo que se antes o mesmo traballaba pouco, agora vai traballar menos.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, polo mesmo sinálase que a Auditoría externa ó Concello só a fai o Tribunal de Contas, e que a mesma xa se fixo no ano 1993, e con respecto ó retraso na contabilidade municipal, anteriormente gobernaba o Concello o PP, e que a funcionaria da Tesourería da que Vde. falou tivo con Vde. pola tarde unha conversa da que deulle a información de que Vde. fala, pero manifesta que a información que ten o Concelleiro do PP non é completa, e que a contabilidade de 1998, non se puido pechar por problemas informáticos.

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros presentes, prestoulle a súa aprobación ó dictame da Comisión Informativa transcrito.-

8.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL RELATIVA A SOLICITUDE SERVICIO, S.L., DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXA POR SERVICIOS DE CASAS DE BAÑOS, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVICIOS ANÁLOGOS.-

Pola Presidencia dase conta de dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 3 de Agosto de 1999, que dí:

"Visto o expediente tramitado como consecuencia da solicitude formulada por ASERVICIO, S.L." o día 19.04.99, referida á "aprobación de novos servicios y precios públicos" na piscina climatizada de Redondela.

Tendo en conta que a solicitude formulada conlevaría a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa por servicios de casas de baño, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servicios análogos, en vigor neste Concello (BOP número 249, do 30.12.98).

Visto o indicado no informe do Interventor Xeral deste Concello, do 25.05.99, referencia T 54/99, esta Alcaldía proponlle ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Desestimar integramente a solicitude formulada por SERVICIO, S.L., de modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora neste Concello da taxa por servicios de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servicios análogos.

A Comisión, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acordou dictaminala en sentido favorable."

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación, ó dictame da Comisión Informativa transcrito.-

9.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, DE INICIACIÓN DE ACCIÓNS LEGAIS CONTRA A EMPRESA SERVI SPORT SANTIAGO, S.L., E TÓDOLOS MEMBROS DO SEU CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN.-

Pola Presidencia dase conta de dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 3 de Agosto de 1999, que dí:

"Dada conta da proposta da Alcaldía que transcrita dí:

"Visto o expediente administrativo en trámite neste Concello referido ó establecemento e contificación dos danos e prexuízos causados a este Concello pola empresa "Servi Sport Santiago, S.L.", expediente acordado polo Concello Pleno o día 26 de Maio de 1999.

Tendo en conta as actuacións realizadas no citado expediente e vistos os importantes danos e prexuízos causados a este Concello pola empresa citada, esta Alcaldía, consonte ó indicado no punto cuarto dunha resolución do 16.07.99, proponlle ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Inicia-las accións legais que procedan (administrativas, civís e penais), contra a empresa "Servi Sport Santiago, S.L." e tódolos membros do seu Consello de Administración, como consecuencia do acordo adoptado polo Concello Pleno o día 26.03.99 e dos danos e prexuízos causados a este Concello."

A Comisión, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acordou dictaminala en sentido favorable."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. CONDE ROMERO se apoia este asunto polos danos causados pola empresa SERVI SPORT ós veciños, ó Concello e ó anterior equipo de goberno.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS, polo mesmo se manifesta a este Concello Pleno, que a anterior asesora particular da Alcaldía, Ana González, tiña relación de parentesco con xestores da empresa SERVI SPORT.

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación ó dictame da Comisión Informativa transcrito.-

10.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, REFERIDA ÁS RETRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Pola Presidencia dase conta de dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, de data 20 de Agosto de 1999, que transcrito dí:

"Dada conta da Proposta do Presidente da Comisión de data 18 de Agosto de 1999, propoñendo ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

"RETRIBUCIÓNS DA ALCALDIA.

Consonte ó establecido nos Artigos 75.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 13 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Alcalde-Presidente deste Concello percibirá, con efectos dende o día 3 de xullo de 1999 ata o día 31 de decembro de 1999, as seguintes retribucións polo exercicio do seu cargo con dedicación exclusiva: 541.096 pesetas brutas mensuais por tódolos conceptos, así como dúas pagas extraordinarias pola mesma contía mensual, os meses de xuño (non aplicable ó ano 1999) e novembro.

A partir do día 1 de xaneiro do ano 2000 a contía bruta anual, 7.575.344 pesetas, será incrementada (no seu caso) na mesma porcentaxe aplicable ós funcionarios públicos consonte ó que se estableza nas correspondentes Leis de orzamentos xerais do Estado."

Previa deliberación, e non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o presente asunto a votación:

Efectuada esta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (4) e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (2). Abstéñense os/as Sres./as Concelleiros/as do P.P. (3). Na súa consecuencia, e por maioría de votos, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, dictaminou favorablemente a proposta do Presidente da Comisión anteriormente transcrita."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, polo mesmo maniféstase que está de acordo que o Sr. Alcalde sexa quen debe cobrar máis no Concello, pero co que non está de acordo é coas retribucións fixadas á mesma neste intre, por que as mesmas deben ser en base a súa xestión, e neste momento o citado Sr. Concelleiro dí que non está en condicións de facer unha valoración da xestión da Alcaldía, e remata a súa intervención dicindo que por este motivo o PP se absterá.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS, polo mesmo se sinala que neste Concello hai funcionarios que cobran máis que o que vai a percibir como retribucións o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e que non houbo aumento das mesmas, xa que esas retribucións da Alcaldía son as que figuraban no Orzamento do Concello do ano 1993, cos aumentos anuais en virtude do I.P.C. de cada ano.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o asunto a votación.

Efectuada esta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9) e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (4). Se absteñen os/as Sres./as Concelleiros/as do PP (8). Na súa consecuencia, por maioría de votos e resolvendo os reparos

formulados polo Sr. Interventor no seu informe de data 23.08.99, resultou aprobado o dictame da Comisión Informativa anteriormente transcrito.-

11.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA ÁS RETRIBUCIÓNS DE D.XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO COMO CONCELLEIRO CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.-

Pola Presidencia dase conta de dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 20 de Agosto de 1999, que dí:

"Dada conta da Proposta do Presidente da Comisión de data 18 de Agosto de 1999, propoñendo ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

"RETRIBUCIÓNS DO CONCELLEIRO D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO.

Consonte ó establecido nos artigos 75.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 13 do Real Decreto 2568/86 do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concelleiro do B.N.G., D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, percibirá con efectos dende o día 3 de xullo de 1999 ata o día 31 de decembro de 1999, as seguintes retribucións de D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO como Concelleiro con dedicación exclusiva: 357.142 pesetas brutas mensuais por tódolos conceptos, así como dúas pagas extraordinarias pola mesma contía mensual os mes de xuño (non aplicable ó ano 1999) e novembro.

A partir do día 1 de xaneiro do ano 2000 a contía bruta anual, 4.999.988 pesetas, será incrementada (no seu caso) na mesma porcentaxe aplicable ós funcionarios públicos consonte ó que se estableza nas correspondentes Leis de orzamentos xerais do Estado."

Previa deliberación, e non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o presente asunto a votación.

Efectuada esta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (4) e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (2). Votan en contra os/as Sres./as Concelleiros/as do P.P. (3). Na súa consecuencia, e por maioría de votos, a Comisión Informativa de Economía, Facendo e Desenvolvemento Local, dictaminou favorablemente a proposta do Presidente da Comisión anteriormente transcrita."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, por este maniféstase que este Concello é a primeira vez que ten un Concelleiro con dedicación exclusiva, que non se precisa no mesmo, e que si se precisara debería de ser un Concelleiro do PSdeG-PSOE, considerando o que fala que a dedicación exclusiva de referencia é un pago do PSdeG-PSOE ó B.N.G. por estar calado e que lle vai a costar cerca de cinco millóns de pesetas ós veciños de Redondela. Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo que segundo o Interventor Xeral do Concello esa dedicación exclusiva é ilegal, e que así como noutras ocasións a Concelleira Sra. Pérez Orge manifestaba que os asuntos ilegais non se podían aprobar, espera que nesta ocasión sexan coerentes con esa manifestación e non lle presten aprobación a este asunto.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZALEZ IGLESIAS, por este maniféstase que segundo o informe do Sr. Interventor se vulnera o Regulamento Orgánico, pero tal informe constitúe unha interpretación restrictiva do citado Regulamento, xa que en ningún caso ese Regulamento prohíbe a dedicación exclusiva ós Concelleiros, e dirixíndose ó Sr. Conde Romero, indícalle que comprobe noutros Concellos se hai Concelleiros con dedicación exclusiva, e se é así, este Concello non pode ser considerado como un Concello atípico, e remata a súa intervención manifestando que as declaracións do Concelleiro Sr. Conde Romero de compra do Concelleiro do B.N.G. a que se refire a dedicación exclusiva, desprestixan ante a opinión pública ó Concello e ós Concelleiros, e así

mesmo que non se deben de utiliza-los informes dos técnicos por cuestións políticas.

- Concedida a palabra pola Presidencia á Concelleira SRA. PÉREZ ORGE, pola mesma sinálase que con esa dedicación exclusiva non se cala ó B.N.G., e que a mesma é a retribución do tempo empregado por ese Concelleiro resolvendo múltiples problemas do Concello e no goberno do mesmo en coalición co PSdeG-PSOE.

Remata a súa intervención asumindo o criterio manifestado polo Concelleiro Sr. González Iglesias respecto ó informe do Sr. Interventor en relación co Regulamento Orgánico.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, polo mesmo sinálase que con ocasión da Moción de Censura se dicía que naquela ocasión se comprara ó Concelleiro Sr. Puch Casal, así como resalta as críticas feitas por este goberno respecto do soldo do anterior Alcalde Sr. Riçón Virulegio, resultando agora que o mesmo cobraba menos do que agora cobrará o Sr. Pazos Docampo.

E remata a súa intervención indicando que sigue entendendo que este asunto que hoxe se trae ó Pleno constitúe un pacto político entre o PSdeG-PSOE e o B.N.G., e que non necesita dedicación exclusiva ningún Concelleiro, e que caso de que se necesitase o Concelleiro con dedicación exclusiva debía de ser do PSdeG-PSOE.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o presente asunto a votación.

Efectuada esta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor, os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9), e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (4). Votan en contra os/as Sres./as Concelleiros/as do P.P. (8). Na súa consecuencia, por maioría de votos e resolvendo os reparos formulados polo Sr. Interventor no seu informe de data 23.08.99, resultou aprobado o dictame da Comisión Informativa transcrito.-

12.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL REFERIDA ÁS INDEMNIZACIÓNS ÓS CONCELLEIROS, CONCELLEIRAS E MEMBROS DOS PATRONATOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS.-

Pola Presidencia dase conta de dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 20 de Agosto de 1999, que transcrita dí:

"Dada conta da Proposta do Presidente da Comisión, propoñéndolle ó Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo:

"INDEMNIZACIÓNS ÓS CONCELLEIROS, CONCELLEIRAS E MEMBROS DOS PATRONATOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS MUNICIPAIS.-

Consonte ó establecido nos Artigos 75.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 13 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establécense, con efectos dende o día 3 de xullo de 1999 as seguintes indemnizacións ós concelleiros, concelleiras e membros dos patronatos dos organismos autónomos municipais:

A) Asistencias a sesións do Concello Pleno: 12.000 pesetas concelleiro/sesión cun máximo de unha asistencia indemnizable por mes.

B) Asistencias a sesións da Comisión de Goberno: 6.000 pesetas concelleiro/sesión, con máximo de unha asistencia indemnizable por mes.

C) Asistencia a sesións de comisións informativas: 6.000 pesetas concelleiro/sesión, cun máximo de tres asistencias indemnizables por mes.

Nos supostos de substitucións de concelleiros/as titulares, a indemnización corresponderá ó concelleiro ou concelleira que asista ás reunións.

D) Reunións de patronatos de organismos autónomos municipais: 6.000 pesetas membro/reunión, cun máximo de unha reunión indemnizable por mes.

E) Asistencia a reunións no Concello (distintas das indicadas nos catro apartados anteriores) de concelleiros e concelleiras entre eles e/ou con terceiras persoas: 6.000 pesetas concelleiro/asistencia, cun máximo de 3 asistencias indemnizables por mes.

F) Delegados/a do Alcalde para asistencias a reunións no Concello -distintas das indicadas nos cinco apartados anteriores-: 6.000 pesetas concelleiro/asistencia, cun máximo de 4 asistencias indemnizables por mes.

No suposto de coincidir nun mesmo concelleiro ou concelleira máis dunha delegación, sendo presidente/a de comisión, só percibirá a asistencia por unha delegación.

G) Presidentes/as de comisión informativa e de patronatos de organismos autónomos: 6.000 pesetas por concelleiro/reunión, cun máximo de 4 reunións indemnizables por mes.

H) Voceiros dos grupos políticos:

H.1.- Grupo de goberno: cada voceiro/a percibirá 6.000 pesetas por asistencias a reunións no Concello, cun máximo de 4 asistencias indemnizables por mes.

H.2.- Grupo da oposición: o voceiro/a percibirá 6.000 pesetas por asistencia a reunións no Concello, cun máximo de 8 asistencias indemnizables por mes.

I).- Substitucións da Alcaldía: 6.000 pesetas por día de substitución, cun máximo de 4 días de substitución indemnizables por mes.

Os efectos de xustificación e posterior cobro das contías que procedan polas indemnizacións anteriormente indicadas, o último día hábil de cada mes cada concelleiro/a efectuará unha declaración xurada na que indique e detalle os días, conceptos indemnizables e

contías correspondentes ó mes da declaración (a realizar aínda no suposto de ausencia de indemnizacións), agás para as asistencias a reunións de órganos colexiados nas que polo Secretario/a do órgano será expedida (o último día hábil de cada mes) certificación na que se indique para cada concelleiro e concelleira data da reunión, órgano e contías totais e parciais a percibir (brutas e netas) aplicando o establecido neste acordo.

As declaracións xuradas e as certificacións indicadas deberanse remitir pola Secretaría do Concello á Intervención municipal antes do día catro -ou primeiro hábil anterior- do mes seguinte ó que estean referidas@.

Previa deliberación, e non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o presente asunto a votación.

Efectuada ésta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (4) e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (2). Votan en contra os/as Sres./as Concelleiros/as do P.P. (3). Na súa consecuencia, e por maioría de votos, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, dictaminou favorablemente a proposta do Presidente da Comisión, anteriormente transcrita."

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de intervencións.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, polo mesmo sinálase que votará en contra se se sigue mantendo as propostas de indemnización ós Presidentes dos Patronatos e membros dos mesmos.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS, polo mesmo sinálase que se cambia a fórmula empregada anteriormente, e agora se pretende que os Sres. Concelleiros da oposición poidan traballar de forma digna coas retribucións que se pretenden, sendo esta unha fórmula de facer política anteriormente non utilizada polo P.P., indicando por outro lado que na Deputación e noutros

Concellos se equiparan as indemnizacións dos Concelleiros do Equipo de Goberno ós da oposición.

E remata a súa intervención dicindo que segundo informe do Sr. Interventor, tales indemnizacións son irrenunciáveis.

- Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO sinálase que este un tema complicado pero que hai que adoptar acordo ó respecto, e que a dedicación á política é unha dedicación persoal, pero que a perda de horas empregadas no traballo no Concello, debe de ter unha compensación económica que debe facerse extensiva ós membros dos Patronatos e doutros órganos colexiados.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, polo mesmo manifesta o seu malestar pola desigualdade respecto dos gastos entre os Sres. Concelleiros desta Corporación, indicando que os gastos dos oito Concelleiros do P.P. en todo o ano, non superan os dos Sres. Concelleiros do B.N.G. nun mês.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS, polo mesmo sinálase que si se utiliza o informe do Sr. Interventor, o mesmo debe ser aplicado na súa integridade.

Polo Concelleiro SR. GONZÁLEZ IGLESIAS formúlase a seguinte enmenda: Sustituir a declaración xurada a presentar por cada concelleiro/a o último día de cada mes, por unha declaración asinada.

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres. Concelleiros/as presentes, prestoulle a súa aprobación á enmenda formulada polo Sr. González Iglesias.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese o asunto a votación.

Efectuada esta, acadou o seguinte resultado: Votan a favor, os/as Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE (9) e os Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (4). Votan en contra

os/as Sres./as Concelleiros/as do P.P. (8). Na súa consecuencia, por maioría de votos e resolvendo os reparos formulados polo Sr. Interventor no seu informe de data 23.08.99, resultou aprobado o dictame da Comisión Informativa transcrito, coa enmenda formulada polo Sr. González Iglesias.-

13.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E DESENVOLVEMENTO LOCAL, REFERIDA A DESIGNACIÓN DE CONCELLEIROS E PERITO PARA O REPLANTEO DO LÍMITE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE VIGO E REDONDELA.-

Pola Presidencia dase conta a este Concello Pleno de dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local de data 20 de Agosto, que transcrita dí:

"Pola Presidencia dase conta de escrito remitido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, comunicando que tense previsto que o vindeiro 2 de Setembro se efectúe o replanteo da liña límite xurisdiccional entre os términos municipais de Redondela e de Vigo, solicitado polo Concello de Redondela o pasado 19 de Maio, citando o Concello para que unha Comisión do mesmo, composta polo Alcalde-Presidente, tres Concelleiros, o Secretario e un perito práctico comparezan dito día no Concello ás 11:00 horas, propoñendo a Presidencia que dita Comisión estea integrada polo Alcalde e un Concelleiro de Cada Grupo Político Municipal.

A Comisión, por unanimidade prestoulle a súa conformidade á proposta de referencia, sendo nomeado representante polo Grupo Municipal do PP, o Concelleiro D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO."

Concedida a palabra pola Presidencia, polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo, propónse a este Concello Pleno, que o representante do B.N.G. na citada Comisión, sexa o Concelleiro D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE.

Así mesmo por D. XAIME REI BARREIRO se sinala que o representante do PSdeG-PSOE na aludida Comisión sexa o Concelleiro D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ.

Pola Presidencia propónse a este Concello Pleno que as propostas de Concelleiros para integra-la Comisión para o replanteo do límite entre os termos municipais de Vigo e Redondela, como enmenda se incorpore á proposta da Comisión informativa correspondente a este asunto.

Este Concello Pleno, por unanimidade acepta a enmenda de referencia, e a súa incorporación á Proposta da Comisión Informativa correspondente a este asunto, que así mesmo foi aprobada por unanimidade.-

14.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES REFERENTE Ó REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CLIMATIZADA DE REDONDELA, PRESENTADO POR SERVIOCIO, S.L..-

Pola Presidencia dase conta de Proposta do Presidente da Comisión Informativa de Deportes de data 26 de Maio de 1999, que dí:

"Examinado o Regulamento de Réxime Interno da Piscina Climatizada de Redondela, presentado por D. José Manuel Amado Abelenda, en calidade de representante e apoderado da Empresa SERVIOCIO, S.L., empresa encargada da xestión do Servicio Público "Piscina Climatizada de Redondela".

Vistos os informes emitidos polo Secretario Xeral e o Interventor do Concello, esta Presidencia ven en propoñer, se dictame en censo favorable, o devandito Regulamento, facendo as seguintes modificacións:

Suprimi-lo Art. 22.

Os Artigos que se mencionan de seguido, quedarán redactados da seguinte maneira:

Art. 8.- Para permiti-lo acceso de nenos menores de 14 anos, que non supan nadar, deberán ir acompañados por un ou máis persoas maiores de idade, ou ter autorización paterna por escrito.

Art. 15.- Os usuarios da instalación, agás os grupos organizados, terán dereito a utiliza-las taquillas guardarropa coa obriga de deixar na recepción o D.N.I., ou outro documento de identificación.

Art. 19.- Os obxectos olvidados nalgún lugar da instalación, permanecerán na recepción na zoa de "Obxectos Perdidos", por prazo máximo de 15 días. Transcurrido o mesmo sen que sexa reclamado polo seu propietario, a dirección entregará ditos obxectos na Policía Local.

Art. 21.- O baño libre terá unha duración máxima dunha hora.

Os abonados trimestrais, semestrais e anuais que queiran realizar algún curso deberán abonalo no intre da inscrición.

A renovación nos cursos e programas con límite de prazas farase antes do día 25 do mes anterior, a partires do día 27 ofertaranse ó público e por riguroso orde de chegada as prazas vacantes.

Art. 24.- Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandona-la mesma. Sempre que o motivo da lesión sexa negligencia do persoal ou defecto da instalación, os gastos correrán a cargo do seguro da empresa concesionaria, dado conta ó Concello.

Art. 25.- O incumprimento dos artigos anteriores suporá a prohibición da entrada nas instalacións durante o prazo que determine o Concello.

A dirección da piscina elevará a proposta cos antecedentes ó Alcalde, quen resolverá previa audiencia do presunto infractor no prazo de dez días.

Incluir:

Art. 26.- "A dirección da empresa concesionaria terá a disposición dos usuarios un libro de reclamacións selado polo Concello, do cal deberá presentar copias mensuais no Concello."

Visto o dictame-proposta da Comisión Informativa de Deportes de data 9 de Xuño de 1999, que transcrita dí:

"Dada conta da Proposta do Presidente da Comisión de dictaminar favorablemente o Regulamento de Réxime Interno da Piscina Climatizada de Redondela presentado por D. José Amado Abelenda, en calidade de representante e apoderado da Empresa SERVICIO, S.L.

A Comisión, á vista do informe emitido polo Sr. Interventor Municipal, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acordou emitilo seguinte dictame-proposta.

Remiti-lo devandito Regulamento á empresa encargada da xestión do servizo público, para que de acordo co informe do Interventor, coas modificacións introducidas na proposta do Presidente, confeccione un novo Regulamento."

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación ó dictame da Comisión Inforamtiva de Deportes de data 9 de Xuño de 1999, anteriormente transcrito.-

15.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E XUVENTUDE, RELATIVO A RATIFICACIÓN CONVENIO ASINADO COA ENTIDADE LENDA.-

Pola Presidencia dase conta de Dictame da Comisión Informativa de Benestar Social e Xuventude de data 17 de Agosto de 1999, que transcrita dí:

"Vista a proposta da Concelleira Presidenta da Comisión Informativa de Benestar Social e Xuventude, que, transcrita, dí:

"O Pleno do Concello reunido en data de 24 de Maio de 1999 aprobò a sinatura de Convenio entre a entidade LENDA e este Concello, convenio que é asinado o 24 de Xullo de 1999, e considerando que o mesmo debe ser ratificado.

Dona. M^a Carmen Rodríguez Cunha, Concelleira Presidenta da Comisión Informativa de Benestar Social e Xuventude, propón:

Propoñer ó Concello Pleno a ratificación do Convenio asinado entre este Concello e a entidade LENDA o 29 de Xullo de 1999."

Tra-lo debate producido e por unanimidade dos membros presentes na sesión, a Comisión Inforamtiva de Benestar Social e Xuventude, reunída en sesión extraordinaria o día dezasete de Agosto de mil novecentos noventa e nove dictamina favorablemente a proposta transcrita, o que se propón ó Pleno para que adopte acordo."

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, prestoulle a súa aprobación, o dictame da Comisión Informativa transcrito.-

16.- DICTAME DA COMISIÓN DE INTERIOR REFERENTE A SOLICITUDE VECIÑOS SOBRE NOMINACIÓN DE RÚA Ó PÁRROCO OCTAVIO ROTEA.-

Pola Presidencia se retira o presente asunto da Orde do Día, atendendo á renuncia expresa e pública formulada respecto deste asunto polo párroco D. Octavio Rotea.-

17.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA RELATIVA A DENUNCIA DE CONVENIO SUSCRITO POR ESTE CONCELLO CO CENTRO RECREATIVO CULTURAL DE REDONDELA.-

Pola Presidencia se retira este asunto da Orde do Día da presente sesión, por non terse falado deste asunto co Presidente do Centro Recreativo Cultural de Redondela, e considerar preciso facelo.-

- Nestes intres, auşéntase a Concelleira DONA. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA.-

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**A).- APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIONES.-**

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, declarou de Urxencia o presente asunto.

Pola Presidencia dase conta de dictame emitido pola Comisión Informativa de Cultura de data 20 de Agosto de 1999, que transcrito dí:

"Pola Presidencia dase conta do REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIONS.

Previa deliberación, a Comisión Informativa de Cultura, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, dictaminou favorablemente a súa aprobación inicial, coas seguintes modificacións:

No Artigo 1, parágrafo 31), substituir Concelleiro/a Honorrio/a por Concelleiro/a Honorario/a.

No Artigo 3, quedará do seguinte xeito: AO título de fillo/a Predilecto/a de Redondela poderá ser concedido ó/á que nacera ..."

No Artigo 7, onde dí "... dos dous tercios dos Concelleiros/as asistentes á sesión, a proposta razoada do Alcalde", debe dicir: "... dos dous tercios dos Concelleiros/as membros da Corporación".

No Capítulo IV, substitúese Da Medalla da Cidade, por Da Medalla do Concello.

No Artigo 11, elimínase a seguinte frase: "Axustarase ó modelo que figura no anexo a este Regulamento e".

No Artigo 19, parágrafo 21, onde dí "... deberán contar co voto favorable dos dous tercios dos concelleiros/as presentes na sesión", deberá dicir "... co voto favorable dos dous tercios dos concelleiros/as membros da Corporación".

O Artigo 20, elimínase, co que variáase a numeración dos artigos seguintes."

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, prestoulle a súa aprobación ó dictame da Comisión Informativa de Cultura transcrito, e na súa consecuencia, aprobou inicialmente o REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS, debendo someterse o mesmo ó trámite de información pública polo período regulamento, e se, durante o mesmo non se formularan reclamacións, o Regulamento de Honores e Distincións entenderase aprobado definitivamente.-

B).- CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.-

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, declarou de urxencia o presente asunto.-

Antecedentes.-

Con data 6 de Novembro de 1987, aprobáronse definitivamente, por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, as Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela, téndose publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 85, de 14 de Abril de 1988.

A documentación grafiada realizouse sobre cartografía a esc. 1:5000, e para os planos de detalle, a esc. 1:2.000, sobre plano parcelario do Instituto Xeográfico e Catastral.

No transcurso da vixencia do devandito instrumento de planeamento téñense observado reiterados erros nas parcelas grafiadas, contradiccións entre os planos a escala 1:5000 e 1:2000, erros de calificación por mal grafiado das bases, ou ben contradiccións entre a realidade e os documentos aprobados.

Na súa virtude, e á vista dos expedientes promovidos polos particulares que logo se citan e do informe favorable

emitido polo Arquitecto asesor municipal e o servizo de disciplina urbanística, o Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, acordou a corrección dos seguintes erros no Documento das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela:

I) MODIFICACIÓN DE PLANO PARCELARIO

I.1).- PROPOSTA.- Proponse a corrección dos erros detectados nos grafiados do Plano a escala 1:2.000, sinalados e xustificados polos propietarios afectados.

I.2).- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O Artigo 105.2) da Lei 30/1992, de 26 de Novembro, dí: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos", e por outra banda na Normativa e Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ambeto Municipal, apartados 2) e 3) do seu Artigo 11 establécese que tódolos documentos se consideran igualmente vinculantes e que se se deran contradicións entre o plano e a realidade prevalecerá esta última. Polo tanto procede a modificación do plano parcelario recollendo a realidade existentes.

I.3).- PLANOS QUE SE PROPOÑEN MODIFICAR

1.- D. MARCIAL CRESPO BOUZÓN, parcela sita en O Coto-Cesantes, Plano P-12 a escala 1:2000.

2.- D. MANUEL RODRÍGUEZ FERREIRA, parcela sita en Parada-Chapela, Plano P-2 a escala 1:2000.

3.- D. JOSE ANGEL PÉREZ LAGO, parcela sita en Quintana-Reboreda, Plano P-24 a escala 1:2000.

4.- D. AVELINO RODRÍGUEZ AMOEDO, parcela sita en Quintana-Reboreda, Plano P-24 a escala 1:2000.

5.- D. JOSE RAMÓN BAÑOS e DONA. ROCÍO MARTÍNS, parcela sita en Parada-Chapela, Plano P-2 a escala 1:2000.

6.- D. ALBINO FREAZA COUÑAGO, parcela sita en Fortóns-Cedeira, Plano P-6 a escala 1:2000.

De acordo coa documentación que adxuntan.-

18.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos e preguntas.

Pola Presidencia, discrecionalmente, se autoriza ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, a que formule os rogos que estime oportunos.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. CONDE ROMERO, por este se formula o seguinte rogo:

1º).- Que no asunto da piscina, os clubs que utilizan a mesma non se lle da o mesmo tratamento que ós clubs noutros deportes.

2º).- Que se lle negou á Orquesta de Saxos, unha subvención para un programa de televisión.

3º).- Que se tomen as medidas para que o Concelleiro de Persoal non faga unha persecución ó persoal, mostrando así mesmo a súa disconformidade de como se levan os asuntos referentes ás terrazas dos bares e das cafeterías.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. PAZOS DOCAMPO, por este respótese que non hai ningunha persecución de persoal funcionario deste Concello, senón simplemente unha reordenación de persoal con cambios de postos de traballo, e que afectou a dúas persoas.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro dicindo ó respecto do asunto das terrazas, non depende de persoal, pero si do control deste Concello, e que por orde do Alcalde se procede a levanta-las terrazas ilegalmente establecidas.

- Concedida a palabra pola Presidencia ó Concelleiro SR. NÚÑEZ SALGADO, polo mesmo maniféstase que polo que respecta á subvención para a Orquesta de Saxos, a mesma xa se lle tiña concedida a citada subvención polo departamento de Cultura.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vintedúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio sesenta e sete do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A n.º 0362767, ata o folio oitenta e catro, Serie A n.º 0362784, do todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

O SECRETARIO

ASDO: XAIME REI BARREIRO

ASDO: LUÍS TORRADO VÁZQUEZ